



**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A
CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E
A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA O FINANCIAMENTO DE
SISTEMAS DE INFORMACIÓN VINCULADOS Á XESTIÓN PESQUEIRA
PARA A PROMOCIÓN, MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN E DA
TRAZABILIDADE DOS PRODUTOS PESQUEIROS**

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

En Santiago de Compostela, o día 23 de xuño de 2017, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS:

Dunha parte, **Rosa María Quintana Carballo**, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, **Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude



EXPOÑEN:

Primeiro.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, os mercados, a comercialización, a manipulación, a transformación e a conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: "7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos."

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade. Neste senso, o desenvolvemento de sistemas de información redundará nunha xestión máis eficiente do sector pesqueiro, tanto no relativo a unha produción máis sostible, a unha boa comercialización, unha mellora na trazabilidade dos produtos e un incremento da seguridade alimentaria.

Segundo.- Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da



información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Terceiro.- Que o Regulamento (UE) 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, recolle no seu artigo 68, Medidas de comercialización, as actuacións que se poden financiar neste ámbito de actuación, entre as que se encontran: mellorar a comercialización dos produtos, o fomento da calidade e o valor engadido, a contribución á trazabilidade dos produtos, a certificación e a promoción dos produtos da pesca costeira artesanal, a realización de campañas de comunicación e promoción para sensibilizar ao público respecto dos produtos da pesca e a acuicultura sostibles. Ademais no artigo 78, de Asistencia técnica por iniciativa dos estados membros, contémplanse accións de preparación, xestión, seguimento, avaliación, información e comunicación. Estas accións desenvólvense a través do establecido no Programa Operativo do FEMP 2014-2020 de España para a o Obxectivo/Medida do FEMP, 5.1.3: Medidas de comercialización e Medida 7.1.1: Asistencia Técnica.

Cuarto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre



elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar "as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos".

Quinto: O 3 de decembro de 2015 e o 23 de setembro de 2016 foron asinados dous acordos de colaboración entre a Consellería do Mar e AMTEGA; o primeiro deles para a mellora da calidade da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e de diferentes portais web; e o segundo deles para a mellora da promoción, mellora da comercialización e trazabilidade dos produtos pesqueiros.

Ditos acordos tiñan previsto a súa finalización o 30 de novembro de 2017 e o 15 de decembro de 2018. Debido ao prazo de execución de ditos proxectos, ás novas necesidades xurdidas e os mantemento evolutivo a afrontar, así como novos proxectos xurdidos no eido dos obxectivos de ditos acordos vixentes, faise necesario desenvolver un novo acordo que se alongue no tempo ata 2019 e que permita incluír e replanificar tanto os proxectos existentes como as novas necesidades.

Sexto.- Desde a efectividade da integración na Amtega dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e



comunicacións da Consellería do Mar, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Non obstante, en atención a súa tipoloxía, os expedientes financiados con fondos FEMP continuarán sendo xestionados pola Consellería do Mar ata que pola Amtega se cumpran todos os requisitos legalmente establecidos para asumir a xestión antedita.

Tendo isto en conta, e de cara a conciliar esta excepción coa competencia exclusiva da Amtega para a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións,

cómpre levar á cabo este acordo de colaboración para o soporte dos traballos, cofinanciados con FEMP (excepto o proxecto 5 máis adiante referido), que teñen como obxecto principal o desenvolvemento de sistemas de información vinculados a xestión pesqueira; traballos que deben ser dirixidos, e coordinados pola Amtega.

Tendo en conta o anterior, a Consellería do Mar, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira: Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de sistemas de información vinculados á xestión pesqueira para a



promoción, mellora da comercialización e da trazabilidade dos produtos pesqueiros.

Segunda: Financiamento

O importe da achega da Consellería do Mar para a execución do obxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de novecentos noventa e seis mil euros (996.000,00 €), IVE incluído para os anos 2017, 2018 e 2019.

Estes importes serán obxecto de retención de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias e proxectos do seu orzamento:

- Anualidade 2017.14.02.723.B.640.0 c.p. 2016 00286 S por importe de 85.000,00 € (75 % FEMP, e 25 % Fondos propios da Comunidade Autónoma).
- Anualidade 2018.14.02.723.B.640.0 c.p. 2016 00286 S por importe de 402.000,00 € (75 % FEMP, e 25 % Fondos propios da Comunidade Autónoma), c.p. 2016 00286 N por importe de 40.000,00 € (100 % Fondos propios da Comunidade Autónoma) e 2018.14.02.723A.640.1 c.p. 2016 00287 S por importe de 21.000,00 € (75 % FEMP, e 25 % Fondos propios da Comunidade Autónoma).
- Anualidade 2019.14.02.723.B.640.0 c.p. 2016 00286 S por importe de 387.000,00 € (75 % FEMP, e 25 % Fondos propios da Comunidade Autónoma), c.p. 2016 00286 N por importe de 40.000,00 € (100 % Fondos propios da Comunidade Autónoma) e 2019.14.02.723A.640.1 c.p. 2016 00287 S por importe de 21.000,00 € (75 % FEMP, e 25 % Fondos propios da Comunidade Autónoma).



Estas actuacións, excepto o proxecto de desenvolvemento evolutivo da Plataforma Tecnolóxica da Pesca indicado na cláusula terceira (enumerado como proxecto 5 en dita cláusula), encadrase dentro da Prioridade da Unión/Obxectivo/Medida do FEMP: 5.1.3.: Medidas de comercialización e 7.1.1: Asistencia Técnica, dentro do Programa Operativo do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca para 2014-2020.

No caso do proxecto 5, non financiado con FEMP, o importe da achega da Consellería do Mar para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de oitenta mil euros (80.000 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

-Anualidade 2018: 40.000 €

-Anualidade 2019: 40.000 €

Serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, para a súa posterior baixa, na seguinte aplicación orzamentaria do seu orzamento: 14.02.723.B.640.0, proxecto 2016-00286N.

Actuación e aplicación orzamentaria	Ano 2018	Ano 2019	TOTAL PROXECTO 5
<u>14.02.723.B.640.0</u>	40.000 €	40.000 €	80.000 €

Posteriormente á formalización do presente acordo, a Amtega, remitirá á Dirección Xeral de Orzamentos este acordo xunto coa documentación pertinente para que se leven a cabo as modificacións orzamentarias necesarias nos orzamentos da Secretaría Xeral da Presidencia e da Amtega. Unha vez recibida a documentación anterior, iniciarase o



procedemento para a realización da modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, coa correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014-00005, dos orzamentos da Amtega para as anualidades 2018 e 2019.

Terceira: Actuacións a desenvolver

Ao abeiro deste acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse os seguintes proxectos:

- Proxecto 1. Portal de difusión das políticas financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca para o período 2014-2020 (Regulamento (UE) nº508/2014). Esta plataforma web permitirá divulgar e fomentar as actividades do FEMP na Comunidade Autónoma de Galicia, xestionadas pola Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar. A partir do portal permitiranse amosar as axudas, facilitando a divulgación e comunicación, noticias e documentación e marco normativo asociado. O proxecto inclúe a creación e implantación dun portal e a ferramenta de xestión de contidos asociada (CMS) que permita a súa operativa e actualización de contidos. Comprende así mesmo o soporte de dito portal durante o período de vixencia do presente acordo, así como a formación inicial do mesmo.

A primeira fase deste portal estará desenvolvida para a súa publicación durante 2017, procedendo nas dúas anualidades 2018 e 2019 e con cargo ao presenta acordo á evolución dos contidos, así como ao soporte funcional e técnico asociado.



- Proxecto 2. Soporte e mantemento evolutivo da aplicación de xestión de autorización de primeira venda de conxelado (AVEMAR), que xestiona as autorizacións de primeira venda que aplican a aqueles establecementos produtores dos sectores da pesca conxelada e acuicultura que non venden os seus produtos a través dunha lonxa ou centro de venda autorizado, afectando aos procedementos de autorización, prórroga, extinción e modificación de datos. O traballo dará soporte a melloras e liñas de actuación xa identificadas conxuntamente pola Consellería do Mar e Amtega, así como ao soporte técnico e de usuarios e xestión tecnolóxica asociada do proxecto durante a vixencia do presente acordo.
- Proxecto 3. Desenvolvemento da aplicación que facilite a xestión dos mecanismos previstos na Organización Común de Mercados (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura en Galicia, así como o mantemento das denominacións comerciais asociadas. En particular, o obxecto é facilitar a xestión do funcionamento e relación das Organizacións de Produtores Pesqueiros de Galicia (OPP-Galicia) coa Consellería do Mar, como organizacións esenciais para a correcta aplicación da OCM.

A fase de desenvolvemento comezará en 2017 e continuará en 2018 e 2019. Avaliarase tamén a necesidade de integración con outros sistemas autonómicos ou estatais co que o novo sistema deberá comunicarse.

- Proxecto 4. Rexistro Integral de Acuicultura e Sistema de Xestión de Acuicultura (SXA). Sistema de apoio na tramitación da xestión dos procedementos relacionados cos establecementos de acuicultura: concesións, autorizacións, outorgamentos,



prórrogas, traslados e habilitacións. Terase en conta como sistemas legacy de partida o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA) o actual aplicativo de Xestión de Cultivos Mariños (GCM), así como a integración con outras bases de datos existentes. Como parte do proxecto crearase tamén un novo Rexistro de Acuicultura, no que se volcará a información de GCM, e no que se permitirá a xestión das altas, modificacións e extincións de rexistros, así como as búsquedas, listados e consultas que se definan.

No proxecto recollido no presente acordo desenvolverase unha primeira fase en 2018 de toma de requisitos e análise da solución a desenvolver, que virá seguida dunha primeira fase de desenvolvemento e implantación da solución que poderá continuar ata finais de 2019.

Durante a fase de análise no 2018 avaliarase tamén a necesidade de modificación ou reestruturación dos procedementos administrativos asociados, para o seu desenvolvemento, se procede, por parte da Consellería do Mar, e como punto de partida para a definición do sistemas a desenvolver durante 2019.

- Proxecto 5. Desenvolvemento evolutivo da Plataforma Tecnolóxica da Pesca, permitindo o desenvolvemento de melloras e novas funcionalidades previstas entre as que se pode mencionar: soporte e mantemento evolutivo das ferramentas de xestión de pesca fresca e pesca conxelada, cambios nos sistemas de recollida de información de acuicultura (entre outros, integracións dos parques de cultivos, novos documentos de trazabilidade, unificación telemática de documentos de rexistro e notas de venda), modificacións na aplicación de alternancia de



artes, adaptación da PTP para dar cabida aos documentos que se vaian ampliando en canto a tipoloxía como alcance, así como modificacións motivadas pola posta en marcha polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente do proxecto Trazapes.

- Proxecto 6. Soporte e mantemento de webs promocionais. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica impulsa e da soporte a distintas campañas promocionais de produtos de mar, apoiadas en portais web, aplicacións para dispositivos móbiles e redes sociais que lle dan acubillo. O obxecto deste proxecto é ofrecer o mantemento e soporte ordinario destes portais promocionais que acompañan as campañas promocionais. Os portais a manter son os seguintes, con indicación da URL actual e a tecnoloxía que o soporta, así como as distintas apps e redes sociais relacionadas:

a) W_SABOR: Web promocional para o consumo de peixe en idade escolar

(<http://osabordaaventuraestanomar.xunta.es>). DRUPAL.

Rede Facebook: <https://www.facebook.com/OS-ARROASES-O-sabor-da-aventura-está-no-mar-133594673323873/>

Instagram: os_arroases

b) W_BONITO: Web promocional do bonito do norte fresco (<http://fainobonito.com/>). HTML5



c) ALIBEN: Web promocional dentro do Plan Proxecta para a mellora dos hábitos alimenticios do alumnado (<http://alimentateben.xunta.es/>). HTML5.

d) BOCATA: Web promocional de produtos da conserva (<http://ponlleaspilasaoteubocata.xunta.es/>). DRUPAL.

Rede Facebook: <https://www.facebook.com/ponlleaspilas/>#

Rede Instagram: ponlleaspilasaoteubocata

e) COMISIÓN DO MEXILLÓN. Portal web para difundir ao sector a información vinculada á Comisión do Mexillón.
<https://comisiondomexillon.conselleriamar.xunta.es/drupal6/>

f) Portal dos produtos de Calidade diferenciada, que inclúe a DOP Mexillón de Galicia e a marca de calidade “pescadeRías, ¿de onde se non?”.

g) APP Non piques- Non peques. Aplicación destinada a coñecer as mellores épocas para a compra e consumo de peixes e mariscos de Galicia.

h) APP Guía de especies pesqueiras de Galicia. Aplicación destinada a amosar as características das especies pesqueiras e súas épocas preferentes de consumo.

i) Campaña “Do mar ao prato”. Rede Twitter e Rede Instagram.

O desenvolvemento dos traballos deberá permitir, dentro de orzamento indicado no presente acordo, unha dispoñibilidade mínima de 800 horas/anuais para o soporte e mantemento.



- Proxecto 7. Xestións das aplicacións ligadas a marca de calidade “pescadeRías, ¿de onde se non?”. A marca de calidade é unha iniciativa da Consellería do Mar para a protección e a promoción dos produtos mariños procedentes de pesca artesanal e sostible na costa galega. O obxectivo principal é a diferenciación dun produto de alta calidade e recoñecido prestixio como o peixe e o marisco das augas de Galicia, garantindo ao consumidor as súas principais calidades e características. A xestión da marca define os produtos e especies que se poden certificar, os posibles usuarios e os requisitos que hai que cumprir para acollerse á marca. Como apoio na difusión e trazabilidade da marca, empréganse sistemas de información que serán o soporte técnico do proxecto. Os traballos a desenvolver consistirán en: resolución de incidencias técnicas na plataforma, asistencia técnica e administración do sistema (alta e parametrización de novos axentes en primeiro e segundo nivel de comercialización e mantemento preventivo), asistencia técnica in situ e desenvolvementos evolutivos ou adaptativos, dentro da contorna de bolsa de horas total a dedicar ao proxecto (que será dun mínimo de 1000 horas anuais) . Este proxecto inclúe os seguintes sistemas:

a) Portal promocional de pescadeRías (<http://deondesnon.xunta.es>). Tecnoloxía DRUPAL. (proxectoW_PERI)

b) PERIPN: Servizo instalado nos servidores das lonxas que lee datos de vendas e os envía a través de Web Services a PERISC. Tecnoloxía .Net.

c) PERISC: Aplicación web central de trazabilidade. (<https://www.pescaderias.es>). Tecnoloxía Java.

d) Redes sociais vinculadas á marca de calidade:



* Rede Facebook: <https://www.facebook.com/pescaderias.deondesenor>

*Rede Twitter: <https://twitter.com/deondesenor>

- Proxecto 8. Desenvolvemento dunha campaña de promoción e información sobre o funcionamento das ferramentas vinculadas á trazabilidade dos produtos pesqueiros, xestionadas dentro da Plataforma Tecnolóxica da Pesca. O servizo proposto irá encamiñado a mellora da utilización da plataforma e dos terminais TICPES, de tal xeito que se incremente a utilización dos terminais, deseñando actividades informativas e formativas así como ferramentas informáticas que faciliten a súa utilización e o seu seguimento.
- Proxecto 9. Desenvolvemento dun portal para a xestión da solicitudes aos eventos feirais, dentro dos procedementos administrativos incluídos na sede electrónica. Este portal permitirá ás empresas solicitar a participación nas feiras nas que está presente a consellería do Mar e realizar un seguimento das solicitudes das empresas coexpositoras.”
- Proxecto 10. Mellora da xestión da trazabilidade dos produtos pesqueiros facilitando o acceso ás aplicacións mediante dispositivos móbiles. O obxectivo do proxecto é a integración e o desenvolvemento do software preciso para dotar aos terminais de tipo “smartphone” das funcionalidades presentes nos terminais TICPESC da Consellería do Mar, localizados nalgúns portos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou outras que se determinen.
- Proxecto 11. Servizo de mantemento e actualización dos contidos do Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e da aplicación de Permisos de marisqueo a pé. O obxectivo do proxecto é o



mantemento preventivo, adaptativo, correctivo e evolutivo da aplicación do Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e cubrir necesidades operativas que se evidencien para este período. O obxectivo final é que as ferramentas creadas no seu día se adapten ás necesidades administrativas e legislativas en vigor en cada momento e que sexa plenamente utilizable.

Cuarta.- Compromisos das partes

Ao abeiro deste acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación administrativa e adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido. Para elo, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación.
- O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.
- O cumprimento das medidas de información e publicidade establecidas na cláusula quinta do presente acordo, para aqueles proxectos con financiamento FEMP.
- O expediente de contratación tramitarase, para aqueles proxectos con financiamento FEMP, consonte aos pasos e documentos establecidos no Manual Xeral de Procedemento para a Xestión, Seguimento e Control das Operacións Financiadas polo Fondo Europeo marítimo e de Pesca (Programa Operativo 2014-2020)
- A emisión dunha memoria vinculante sobre a correcta realización dos traballos.



Ao abeiro deste acordo, pola Consellería do Mar, desenvolveranse os seguintes compromisos para aqueles proxectos con financiamento FEMP:

- A tramitación económica e o financiamento dos expedientes de contratación derivados do presente acordo.
- O abono ao contratista ou contratistas polos servizos prestados, nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados pola AMTEGA.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería do Mar, desenvolverán de xeito conxunto os seguintes compromisos:

- Elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.
- Participación no órgano de contratación, que estará asistido, se fose necesario, por unha Mesa de Contratación constituída por persoal da Amtega, e un representante designado pola Consellería do Mar. Tamén poderá participar persoal de ambas partes na emisión dos informes técnicos.

Asemade desenvolverase polas partes calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería do Mar e a Amtega, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería recollido na cláusula segunda.

No caso de actuacións que supuxeran un engadido temporal ou financeiro sobre o marco establecido no presente acordo, poderán subscribirse as addendas que ambas partes acorden.

A titularidade dos sistemas e calquera resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega, conforme ás súas competencias.



Quinta.- Medidas de Publicidade do FEMP

A AMTEGA haberá de cumprir, naqueles proxectos con financiamento FEMP, coas medidas de información e publicidade establecidas no Regulamento de Execución (UE) nº763/2014 da Comisión, de 11 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca no que respecta ás características técnicas das medidas de información e publicidade e as instrucións para crear o emblema da Unión.

Sexta.- Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que finalice a execución de todos os contratos previstos, como máximo ata 15 de decembro de 2019.

Sétima.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.



E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

Pola Consellería do Mar

Pola Amtega

A conselleira

A directora da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

Rosa María Quintana Carballo

Mar Pereira Álvarez